DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 229 | Venres, 1 de decembro de 2023 | Páx. 66759

## VI. ANUNCIOS

## C) OUTROS ANUNCIOS

## FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

*RESOLUCIÓN do 24 de novembro de 2023 pola que se nomea persoal laboral fixo en virtude do proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.*

O 29 de decembro de 2022 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) a Resolución do 23 de decembro de 2022 pola que se convoca o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso nas categorías/grupos da entidade instrumental Fundación Galicia Europa que figuran convocadas na oferta pública de emprego extraordinaria recollida no Decreto 79/2022, do 25 de maio, da Consellería de Facenda e Administración Pública (Xunta de Galicia).

O 8 de xuño de 2023 publicouse no DOG a Resolución do director da Fundación Galicia Europa, do 12 de maio de 2023, pola que se nomea a Comisión de Selección do referido proceso selectivo.

O 14 de novembro de 2023 publicouse no DOG a Resolución do 8 de novembro de 2023, da Comisión de Selección, pola que se publica a baremación definitiva dos méritos acreditados polas persoas aspirantes que foron admitidas na convocatoria do proceso selectivo extraordinario de estabilización da Fundación Galicia Europa.

O 22 de novembro, a Comisión de Selección acordou a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo e propuxo o seu nomeamento como persoal laboral fixo.

De acordo con todo o indicado,

RESOLVO:

1. Aprobar a proposta feita pola Comisión de Selección e nomear as persoas que se relacionan no anexo desta resolución persoal laboral fixo da Fundación Galicia Europa, tras a superación do proceso selectivo.

CVE-DOG: vnbk9ec0-clj3-67b2-y7m3-tldppx7vlcv9

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

2. Notificarlles ás persoas seleccionadas que deberán formalizar o seu contrato no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que a ditou. Neste caso, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo citado mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro do artigo 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2024

Jesús María Gamallo Aller
Director da Fundación Galicia Europa

ANEXO

**Persoas seleccionadas para a contratación como persoal laboral fixo**

| Grupo I-Categoría 004 (titulado/a superior) | |
|---|---|
| Apelidos e nome | NIF |
| Del Oro Sáez, Mª Pilar | ***5425** |

| Grupo IV-Categoría 001 (auxiliar administrativo/a) | |
|---|---|
| Apelidos e nome | NIF |
| Louro García, Pilar | ***9152** |

CVE-DOG: vnbk9ec0-clj3-67b2-y7m3-tldppx7vlcv9